



CONGRESO INTERNACIONAL
**CONTEMPORÁNEAS: POLÍTICAS, TRABALLADORAS
E CONSTRUTORAS DE SOCIEDADE**

Santiago de Compostela, 20 e 21 de Outubro de 2022

Unha estela de progreso.

**Os dereitos de xénero na lexislación republicana e o seu devir no
franquismo**

Tamara López Fernández

Universidade de Santiago de Compostela

España

tamaralopez.fernandez@usc.es

SESIÓN Nº3: Título da sesión

Resumo: O labor dos movementos reformistas: feministas, abolicionistas e anarquistas que desde comezos do século XX pugnaban por mudar o modelo de xénero feminino frutificou na consecución de novos dereitos en materia de xénero durante a II República. O dereito de sufraxio, ao divorcio e a igualdade ante a lei foron algúns deles. Unha lexislación que, coa imposición da ditadura, foi erradicada desde a raíz, o que supuxo unha regresión temporal ao século precedente.

Palabras chave: dereitos da muller, II República, franquismo.



1. Introducción

O labor dos movementos reformistas: feministas, abolicionistas e anarquistas, entre outros, que desde comezos do século XX pugnaban por mudar o modelo de xénero feminino frutificou na consecución de novos dereitos para a muller durante a II República. Unha lexislación que, coa imposición da ditadura, foi erradicada desde a raíz, o que supuxo unha regresión temporal ao século precedente. O obxectivo deste traballo será o de analizar os códigos penais de 1932 e 1944 desde unha perspectiva comparada, determinar cales foron os dereitos de xénero promulgados pola II República, a implicación dos mesmos no devandito período e os efectos que sobre estes tivo a imposición da ditadura franquista.

2. Os códigos penais de 1932 e 1944. Unha análise comparada.

Lonxe do establecido comunmente e segundo defendeu F.Javier Genovés Balleste na súa tese de doutoramento: “a Segunda República española non dispuxo dun Código Penal propio.” O código de 1932 non foi, segundo este, máis ca unha reforma do texto de 1870, cunha interinidade de dous anos que, finalmente, non chegou a ver a luz consecuencia da imposición ditatorial. Fora como fose, as modificacións aplicadas sobre o texto do século XIX pasaron por adecuarse á Constitución republicana e aos principios do novo réxime, destacando no texto “unha notable humanización das penas e o ingreso de criterios máis flexibles na súa aplicación”.¹

O tránsito da II República á autoproclamada ditadura supuxo unha nova reforma do Código Penal. Porén, os primeiros anos do réxime mantívose en vigor o Código Penal de 1932, aínda que someténdoo a numerosas transformacións para adaptalo á ideoloxía fascista. Como sinalou Iván Martínez fíxose “mediante a constante agregación de novas leis promulgadas *ex profeso*” e engade, “foi o resultado do mantemento dun código penal moi elaborado por un réxime político cunha sensibilidade cara o ser humano moi diferente da que marcaban as pautas e actos franquistas”. Neste senso, o lapso que abrangueu de 1939 a 1942 foi denominado por Gómez Westermeyer como “fase de reactivación” por dous factores: o primeiro, que nestes anos puxéronse en marcha os instrumentos que marcaron a administración de xustiza durante o franquismo. E, o segundo, en consonancia

¹ Francisco Javier GENOVÉS: “El Código Penal de 1932”, Tesis Doctoral, Valencia, Universidad de Valencia, 2006.

con esa idea de “reactivación xudicial”, segundo a que os tribunais ordinarios non recuperaron a súa normal actividade ata polo menos a anualidade de 1940, e é que á xurisdición militar absorbera e complementara parte importante do seu labor desde a guerra civil.² Tese secundada por Yolanda García, quen afirma que entre 1936 e 1940 os delitos observados pola xustiza ordinaria en España experimentaron unha redución considerable consecuencia de que, co estoupido da guerra, a xustiza perdera a súa independencia quedando en mans de tribunais militares, o que se traduciu na diminución do volume de causas nas Audiencias Provinciais. Isto implicou que os delitos máis importantes pasaran a tribunais castrenses sendo xulgados por tribunais de guerra en consellos sumarísimos, coma sucedeu cos de rebelión e auxilio á rebelión.³

O novo texto refundido, coñecido como Código Penal franquista, foi aprobado en 1944 e, en termos xerais, caracterizouse por constituír un dos principais instrumentos coercitivos do réxime que, lonxe de orientarse á reinserción ou reeducación dos penados procurou o seu castigo e separación da sociedade civil, medio polo que asegurar a orde social. En síntese, as vías nas que se deixou sentir esta vontade represora e o novo espírito do réxime foron: un endurecemento das condenas, unha férrea defensa da relixión católica, da patria e dos valores asociados á mesma e cunha especial limitación dos dereitos da muller, nos que nos centraremos. En relación con ese endurecemento das condenas e en contraste co Código Penal republicano estivo o máximo expoñente desta severidade punitiva, a restitución da pena de morte, abolida durante a II República. Esta modificación implicou un incremento das penas previstas para tódolos delitos, pois supuxo a consideración dun elemento máis nas escalas graduais polas que se rexían. Por tanto, se na II República a pena máxima aplicable era a de reclusión maior, de 20 a 30 anos de cadea, no franquismo esta pasou a ser a segunda máis grave a impor, coroada pola da privación da vida do reo.⁴

² Iván MARTÍNEZ: p.262. Juan Francisco GÓMEZ WESTERMEYER: *Historia de la delincuencia...*, p.16.

³ Yolanda RODRÍGUEZ GARCÍA: “Procesados en la Audiencia Provincial de Burgos (1936-1940).” *En: Justicia en Guerra, Archivo Histórico Nacional: Sección Guerra Civil, Salamanca, Noviembre 1987*, Madrid, Marcial Pons, 1990, p.381.

⁴ No Código Penal franquista: as escalas número 3 e número 4 presentaron idéntica forma: “Escala núm. 3: 1ª Extrañamento, 2ª Confinamento, 3ª Desterro, 4ª Reprensión pública, 5ª Caución de conducta. Escala núm. 4. 1ª Inhabilitación absoluta, 2ª Inhabilitación especial para cargo público, dereito de sufraxio, activo e pasivo, profesión ou oficio.” A última escala gradual estivo composta por sancións pecuniarias, que experimentaron un incremento en ambas datas, xustificadas, no caso republicano no aumento do valor do diñeiro. O artigo 78 do Código Penal de 1932, fixounas entre 250 e 2.250 pesetas, mentres que o franquista fíxoo entre 1.000 e 10.000 pesetas. Fonte: Código Penal 1932, p. 829 e Código Penal 1944, p.435.

Outras das novidades introducidas polo Código Penal franquista tiveron que ver coa posibilidade de redimir penas mediante o traballo en favor da comunidade e a ampliación da pena condicional en dous anos. Tamén en relación á reincidencia, pois o réxime desbotou o arbitrio xudicial que mediaba cando non concorían atenuantes nin agravantes e que lles concedía maior potestade aos xuíces, pasando a ser agora de apreciación obrigatoria.⁵ Como parte desa vontade represora, o código de 1944 introduce dúas novas “circunstancias agravantes da responsabilidade penal”, vencelladas á defensa de dous dos seus alicerces fundamentais, ás autoridades do réxime e á Igrexa católica, entre outros cambios nos que nos deteremos a continuación. Á defensa das autoridades encamiñouse á introdución dunha pequena puntualización antes non contemplada, que resaltamos en cursiva: “16. Executar o feito con ofensa *da autoridade* ou desprezo do respecto que pola dignidade, idade ou sexo merecese o ofendido, ou na súa morada cando non tivera provocado o suceso.” A segunda, a primeira de moitas outras disposicións orientadas á especial protección da relixión católica: “17. Executar o feito en lugar sagrado”. Do mesmo xeito que o código franquista endureceu as condenas previstas para aqueles que obraran contra Deus e contra a Patria, minorounas para aqueles que actuaran na súa defensa. Nese senso, entre as innovacións existentes nas circunstancias atenuantes da responsabilidade criminal destacamos a número 7: “A de obrar por motivos morais, altruístas ou patrióticos de notoria importancia.”⁶

Deterémonos agora no tratamento que ambos códigos fixeron da relixión. En relación aos cultos, a República orientou a súa defensa desde a perspectiva dun estado aconfesional e laico; non así o fixo a ditadura, que destinou os seus recursos á exclusiva protección da “relixión do Estado, a Católica Apostólica e Romana” de maneira que, mentres o Código Penal de 1932 contemplou a protección dos crentes e das crenzas desde a categoría xenérica dos “Delitos relativos ao libre exercicio dos cultos”, o Estado franquista fíxoo acoutándoos aos “Delitos contra a relixión Católica”. O mesmo aconteceu coas “Faltas contra a orde pública”, dentro das cales, entre outras consideracións, na República estivo a de condenar aquelas actitudes que, “perturbaran os actos dun culto ou ofenderan sentimentos relixiosos dos concorrentes a eles...” unha perspectiva multiconfesional que, no franquismo, unicamente se referiu á relixión católica. A República non precisou de máis instrumentos para a defensa das relixións do

⁵ Elena B. MARÍN: *La reincidencia: Tratamiento dogmático y alternativas político criminales*, Granada, Comares, 1999, p. 27.

⁶ As circunstancias eximentes mantivéronse sen cambios. Código Penal de 1944. pp. 430-431.

Estado, porén, si a ditadura, a que engadiu un elemento represor de calquera conducta contraria aos valores do réxime: o delito de blasfemias. Unha das ferramentas coercitivas que consideramos como máis polifacéticas da ditadura, pois serviu para castigar todo aquel comentario ou conducta considerado inapropiado baixo a arbitrariedade que implicaba o feito de “causar escándalo”, penado con arresto maior e multas de 1.000 a 5.000 pesetas.

En relación aos delitos contra o Estado, as súas autoridades, axentes e funcionarios públicos, o cambio máis substancial deuse na inclusión da pena de morte para aquelas persoas que atentaran contra a vida do ditador. Tamén no título elixido para comprender aquelas actitudes penalizables en torno á figura do Xefe do Estado: no código republicano, “Título III. Delitos contra a orde pública”; no franquista, “Título II. Delitos contra a seguridade interior do Estado”. Porén, ambos baixo o mesmo subtítulo: “Contra o Xefe do Estado, contra os Ministros, contra as Cortes, contra a forma de Goberno”. O seu contido, agás no relativo ao endurecemento punitivo, a penas presentou diferenzas, sendo estas categorías complementadas con outros delitos sancionadores nun sentido similar.⁷

Outra das novidades que presentou o Código Penal franquista foi a incorporación, en 1945, do delito de apropiación indebida, un delito contra a propiedade, concretamente incluído na categoría de defraudación.⁸ Situouse a medio camiño entre o furto e a estafa, sendo absorbida por ambas até a data sinalada. Diferenciáronse por unha característica chave, pois ao contrario que aconteceu con outros delitos económicos estas maniféstanse coma unha transacción legal, co acceso a un ben que se producía de forma lícita, porén, cun tempo de posesión legal finito que, ao rematar sen cumprirse a devolución derivaba na comisión dun delito.

3. Os dereitos de xénero na lexislación da II República e o seu devir no franquismo.

Se houbo un aspecto no que a lexislación diferiu entre ambos períodos foi naqueles orientados en materia de xénero. Coa chegada da II República foron moitos os movementos reformistas que trataron de mudar o lugar reservado ata entón á muller na sociedade, a esfera privada do fogar, onde debía comportarse como “un anxo do fogar”, nai e esposa abnegada e submisa. Frutificaron na Constitución de 1931, a primeira en

⁷ O Título III foi idéntico en ambos textos: “Título III. Das falsidades. Capítulo primeiro. Da falsificación da firma ou estampa do Xefe do Estado, sinatura dos Ministros, selos e marcas”.

⁸ Antonio FERRER SAMA: *El delito de apropiación indebida*, Murcia, Sucesores de Nogués, 1945, p. 12.

expor o principio de igualdade entre os sexos. En relación á familia, o artigo 43 daba a igualdade de dereitos para home e muller no seu seo e anulaba o concepto de ilexitimidade nos fillos naturais:

Art. 43. “O matrimonio fúndase en igualdade de dereitos para ambos sexos, e poderá disolverse por mutuo disentiemento ou a petición de calquera dos cónxuxes, con alegación neste caso da xusta causa”(…) “Os pais teñen para cos fillos tidos fóra do matrimonio os mesmos deberes que respecto dos nados del”.

A Lei de Divorcio de 1932, aprobada o 25 de febreiro de 1932, proporcionou idénticos dereitos aos cónxuxes para a disolución do matrimonio;⁹ en relación á anterior estivo tamén a Lei de Matrimonio Civil, do 28 de xuño de 1932, “considerada chave para a consolidación da secularización do estado”.¹⁰

No seu Título III. Sobre os dereitos e deberes dos españois, o artigo 25 estableceu a igualdade fronte á lei, ao afirmar que non se aceptaban "privilexios xurídicos por razóns de sexo". Materializando o principio de igualdade xurídica, o artigo 36 expuxo o dereito de voto para todo español maior de 23 anos, independentemente do seu sexo, ratificado o 1 de outubro de 1931 e o artigo 53 outorgou o dereito a homes e mulleres de ser elixidos como deputados. O establecemento da igualdade xurídica da muller na II República repercutiu directamente sobre dous delitos: o de adulterio, coa despenalización da infidelidade segundo o Decreto do 28 de xuño de 1935 e, consecuentemente, sobre o dereito de uxoricidio ou lesións por causa do anterior, que deixaron de ser causas eximentes da responsabilidade penal.¹¹ A lexislación tamén velou polos dereitos das mulleres estranxeiras. Segundo o artigo 23 as estranxeiras casadas con españois podían conservar a súa propia nacionalidade. No ámbito laboral, o artigo 33 afirmaba a liberdade de elección laboral e o artigo 40 da Constitución outorgou o dereito á muller de exercer unha profesión segundo o seu mérito e capacidade e non segundo o seu sexo:

⁹ Sobre o divorcio vd. Máximo CASTAÑO: *El divorcio en la Segunda República española. Antecedentes y desarrollo*, Tese doutoral, Universidade de Murcia, 2016 e tamén Sofía RODRÍGUEZ: “El divorcio en Valladolid durante la II República (1931-1937)”, *Investigaciones Históricas, época moderna y contemporánea*, 39 (2019) pp. 577-620.

¹⁰ Sara MORENO: “La Ley del divorcio de 1932. Entre la culpabilidad y la causalidad”, *AHDE*, XCI (2021), pp. 382-408, esp.p.388.

¹¹ María de los Ángeles MORAGA: “Notas sobre la situación jurídica de la mujer en el Franquismo”, *Feminismo/s*, 12 (2008), pp. 229-252, esp. pp. 229-231.

Art. 40: “Todos os españois, sen distinción de sexo, son admisibles aos empregos e cargos públicos segundo o seu mérito e capacidade, salvo ás incompatibilidades que sinalen as leis”.¹²

Medidas que Ana Aguado define como “necesarias, aínda que non suficientes” para que delas dimanase un cambio na vida privada e pública de mulleres (e dos homes).¹³

En relación ao aborto, despenalizouse durante a República unicamente no contexto catalán por causas euxenéticas o 25 de decembro de 1936.¹⁴ Aínda que experimentando unha redución das penas para o resto do Estado. Segundo o Código de 1932, o aborto, ben provocado con consentimento da muller, ou ben autoinflixido implicaba unha pena de 1 a 6 meses de prisión, quedando limitada esta a un máximo de 2 meses se se daba para ocultar a deshonra.

En materia de prostitución, unha nova lexislación foi introducíndose de maneira progresiva. Unha das medidas máis temperás foi a disolución do Real Padroado para a Represión da Trata de Brancas, cuxa labor pasou a mans do novo Padroado de Protección á Muller, creado por Decreto do 11 de setembro de 1931, o que rompeu co Antigo Réxime e a aristocracia e vinculouse estreitamente ao movemento feminista con mulleres como Vitoria Kent ou Clara Campoamor entre os seus membros.¹⁵ Xunto con este, adoptáronse outras medidas para loitar contra a trata de brancas, como a reforma do Código penal, a supresión en 1932 de calquera imposto sobre a prostitución ou a obrigatoriedade das prostitutas de rexistrarse como tales. Nas Cortes republicanas, a intensidade dos debates sobre a abolición da prostitución, con enérxicas intervencións de Clara Campoamor, Rico Avelló ou César Juarrós, anticipaban a urxencia da súa adopción, así como de medidas orientadas á loita antivenérea. Con todo, o sistema reglamentarista mantívose ata 1935 mostra, segundo Mercedes Rivas, de que a súa derogación non foi nada sinxela, en parte

¹² “Constitución de la República española”, https://www.congreso.es/docu/constituciones/1931/1931_cd.pdf, consultado o 30 de setembro de 2022.

¹³ María de los Ángeles MORAGA: “Notas sobre la situación jurídica de la mujer en el Franquismo”, *Feminismo/s*, 12 (2008), pp. 229-252, esp. pp. 229-231. Ana María AGUADO: “Identidades de género y culturas políticas en la Segunda República”, *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea*, 7 (2008), 123-141, p.139.

¹⁴ Decreto, de 25 de diciembre de 1936, de Regulación de la Interrupción Artificial del Embarazo. *Diari Oficial de la Generalitat de Catalunya*, del 9 de enero de 1937, núm. 9, p.114.

¹⁵ Jean-Louis GUERERÑA: *La prostitución en la España contemporánea*. Madrid: Marcial Pons, 2003, p.188.

propiciada pola presenza dun goberno de dereitas que chegou a suprimir o PPM en 1935, delegando as súas funcións no Consello Superior de Protección de Menores.¹⁶

Co Decreto do 28 de xuño de 1935 establecíase, en teoría, un sistema abolicionista. Segundo o seu artigo 1º: "Queda suprimida a regulamentación da prostitución, o exercicio da cal non se recoñece en España como medio lícito de vida". Con todo, puntualizacións como a realizada no seu preámbulo: "non pretende o Goberno levar a cabo a aplicación inmediata e ríxida, con todas as súas consecuencias, dun réxime abolicionista, porque nin o ambiente do noso país está aínda suficientemente cultivado en tal sentido, nin na organización sanitaria actual figuran algúns elementos imprescindibles, especialmente para acometer o problema de investigación de fontes de contaxio" derivaron en que o modelo se denominara como abolicionismo "non puro" ou "mixto" por autores como Guereña e Lidón a través de Gemma Nicolás.¹⁷ Unha realidade que non foi desmentida polo propio Decreto, pois o seu preámbulo anticipaba a súa laxitude: "o Decreto aspira a constituír un réxime transitorio que facilite este labor previo, en tanto que se discute e aproba a nova lei de sanidade, que proxecta o Goberno". Neste sentido, entendemos que o carácter híbrido do sistema instaurado responde non tanto a unha falta de vontade na aplicación da súa versión pura senón a unha cuestión de necesidade que posteriormente debería superarse. Fóra como fose, o obxectivo primeiro do Decreto era a loita antivenérea e, nese sentido, o fito radicou en ser a primeira vez que se expuxo desde a igualdade entre homes e mulleres.

A imposición ditatorial supuxo, coa súa abolición, a regresión temporal á situación imperante a comezos de século. O delito de adulterio recuperouse coa Lei do 11 de maio de 1942 e, aínda que contemplado para calquera dos cónxuxes baixo a pena de prisión menor ou desterro, especificouse que, para aqueles casos nos que o adulterio fose cometido pola esposa, o marido quedaría eximido de pena privativa de liberdade de causarlles a morte aos adúlteros, non así á inversa. É dicir, non só o adulterio cometido pola muller foi considerado máis grave senón que se lle outorgou o dereito ao varón de asasinar a calquera dos adúlteros baixo condena de desterro. Estas "reglas aplicables en análogas circunstancias aos pais respecto das súas fillas menores de 23 anos e aos

¹⁶ Mercedes RIVAS: (2013: p.362.

¹⁷ José María LIDÓN: La reglamentación de la prostitución en España durante los siglos XIX y XX", Estudios de Deusto, XXX/2, 69 (1982), PP.409-493. Jean-Louis GUERERÑA: *La prostitución en la España contemporánea*. Madrid: Marcial Pons, 2003. Gemma NICOLÁS: *La reglamentación de la prostitución en el Estado español. Genealogía jurídico-feminista de los discursos sobre prostitución y sexualidad*, Barcelona, Universidad de Barcelona, Tesis Doctoral, 2007, p.498.

corruptores, mentres aquelas vivan na casa paterna”.¹⁸ Outro dos grandes cambios da democracia da república ao totalitarismo franquista orientouse á defensa da familia e da moral nacionalcatólica. A Orde do 8 de marzo de 1939 decretou a disolución os matrimonios civís e a Lei do 23 de setembro de 1939 derogou a Lei de Divorcio republicana por considerala “radicalmente oposta ao profundo sentido relixioso da sociedade española”.¹⁹ Medidas que tiveron tres consecuencias chave: a primeira, a restitución dos matrimonios divorciados durante a II República, a segunda, a nulidade das segundas nupcias e, a terceira, a ilegalización da situación de moitas familias, cuxos fillos foron considerados bastardos ata regularizar a súa situación. A blindaxe do matrimonio completouse coa Lei do 12 de marzo de 1942 que supuxo a promulgación do delito de abandono de familia.²⁰

Aos anteriores habería que engadir outros delitos que, aínda que contemplados no Código de 1932, con vistas á protección do modelo de familia tradicional católica houberon de blindarse con maior esforzo. Xa en datas tan temperás como 1941 a Lei do 24 de xaneiro penalizaba duramente as prácticas abortivas, na defensa dunhas políticas pronatalistas que se materializaron a través dunha ampla lexislación. Tal aconteceu co delito de aborto, o que experimentou un endurecemento punitivo con penas que pasaron a abranguer dos 6 meses aos 6 anos de cárcere. As mínimas, do mes aos 6 meses de prisión, limitáronse unicamente a aqueles casos nos que mediara ocultar a deshonra. Circunstancias ás que aludiron a maioría de mulleres procesadas por este delito, algunhas apelando á realidade, outras para sufrir un castigo menor.

Aínda que o tempo de vixencia destas medidas non foi o suficiente como para facer balance dos seus resultados, se algo está claro é que, polo menos no lexislativo, a II República abriu o camiño a unha sociedade que pugnaba pola igualdade e a emancipación da muller. Con todo, tras a Guerra Civil e coa imposición da ditadura cada unha das leis republicanas encamiñadas a alcanzar unha sociedade máis igualitaria foi abolida. Así, o tránsito da II República á ditadura franquista realizouse mediante un proceso de erradicación desde “a raíz” de todo aquilo que tivera que ver co anterior

¹⁸ Código Penal 1944, art.428., p.459.

¹⁹ Ley de 23 de septiembre de 1939 relativa al Divorcio, *Boletín Oficial del Estado*, del 5 de octubre de 1939, núm. 278, pp. 5574.

²⁰ Rosa María ARAGÜÉS: *Las rojas y sus hijos, víctimas de la legislación franquista: el caso de la cárcel de Predicadores (1939-1945)*, Madrid, Sanz y Torres, 2014, pp.100-101.

CONTEMPORÁNEAS: Políticas, traballadoras e construtoras de sociedade

Santiago de Compostela, 20-21 Outubro 2022

réxime democrático.²¹ Un proceso depurador que deixou sentir, no lexislativo, cun enorme compendio de leis e decretos promulgados a tal fin, frutificados no Código Penal de 1944 que, como vimos, retornou aos postulados dos códigos de 1928 e 1870, liberándoo do máis mínimo elemento progresista e dotándoo das ferramentas necesarias para a imposición no “novo Estado franquista”.

²¹ Javier RODRIGO: *Hasta la raíz. Violencia durante la guerra civil y la dictadura franquista*, Madrid, Alianza Editorial, 2008.